

ORDENANZA Nº 10

DENOMINACIÓN: Espacios libres de uso e dominio público

ÁMBITO E CARACTERÍSTICAS: Nos planos de Ordenación defínense os espacios libres de uso e dominio público, ós que haberá que engadi-los resultantes do desenrolo dos Polígonos de Execución Integral, Plans Especiais e Plans Parciais.

CONDICIÓNS DE USO: as instalacións compatibles dentro destas zonas serán as seguintes:

- * Xogos infantís formados por elementos de mobiliario e áreas de area.
- * Xogos ó aire libre e áreas de deporte non regrado.
- * Áreas de plantación e axardinamento.
- * Illas de estancia, lugares acondicionados para o repouso e recreo pasivo.
- * Quioscos de música.
- * Postos de revistas, paxaros, flores, etc.
- * Servicios hixiénicos públicos.
- * Pequenas construcións destinadas a venda de bebidas, bocadillos, etc.
- * Poderá autoriza-lo uso do subsolo para garaxe-aparcamento, sempre que o mesmo non menoscabe o uso deste sistema.

As edificacións que se constrúan nestas áreas terán, sumadas todas, unha ocupación máxima do 5 % da superficie do parque. A altura máxima das mesmas será de 4.5 M.

CONDICIÓNS ESPECIAIS: os espacios libres que se encontren dentro do dominio público marítimo terrestre estarán regulados polo titulo III do Regulamento que desenrola a Lei de Costas.